

NOTA DE PRENSA

O maior número de consultas atendidas foron as relativas a factura da auga

UCGAL asesorou a máis dun centenar de cangueses en materia de consumo

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2016

Este mércores, ás 12:00 horas, o secretario xeral da Unión de Consumidores de Galicia, Miguel López Crespo e a coordinadora provincial da asociación en Pontevedra, Dolores Chapela Pérez; acompañados do alcalde de Cangas, Xosé Manuel Pazos, presentaron os resultados da actividade do punto de asesoramento que esta entidade mantén no concello desde o pasado mes de abril en virtude de un convenio asinado co consistorio en marzo.

Durante os dous primeiros meses de actividade, o asesoramento prestouse os venres en horario de 10:00 a 14:00 horas. Tras unha suspensión temporal durante os meses de verán, a actividade retomouse en agosto ampliando ás mañás dos martes.

A pesares da suspensión da actividade, durante o tempo que o punto de asesoramento estivo aberto, o número de persoas atendidas –presencial e telefonicamente- ascendeu a 104. As persoas que demandaron asesoramento por parte da UCGAL recibiron información sobre os seus dereitos como persoas consumidoras e sobre as distintas vías de reclamación a súa disposición.

Con respecto á tipoloxía de consultas atendidas durante estes meses, a maioría das queixas foron sobre o sistema eléctrico (facturación, bono social) e servizos financeiros (cláusulas chan, créditos persoais). Cómpre sinalar que o maior número de consultas atendidas foron relativas á factura da auga no Concello de Cangas, algo que se xustifica polos movementos producidos ó respecto nos dous últimos anos que implicaron a aprobación da nova ordenanza das tarifas de auga e a aplicación para os últimos dous anos da ordenanza de 2014.

Asemade, a UCGAL levou a cabo dúas charlas no concello, unha baixo o título *Entende e aforra na factura da electricidade* e outra centrada nas cláusulas chan, créditos rápidos, plusvalías municipais e o caso Volkswagen.

Esta organización sempre considerou que un dos retos máis importantes que afrontan as asociacións de consumidores e usuarios é o de levar a información ata os consumidores. Neste senso, considera importante o seu desempeño no Concello de Cangas posto que existe un gran descoñecemento por parte das persoas atendidas sobre os mecanismos para presentar unha reclamación en materia de consumo e hai un gran interese en obter información sobre descontos ou axudas públicas nas facturas de servizos básicos como luz, gas e auga.